



NOVEMBRO MES DA CIENCIA EN GALEGO NAS BIBLIOTECAS

MES DA CIENCIA 2021

LER E VIVIR A CIENCIA EN GALEGO!

Programación de actividades de divulgación científica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade



XUNTA
DE GALICIA

A felicidade de aprender

Amparo Alonso Betanzos

Galicia Calidade é un selo recoñecido para os nosos produtos e valorado a nivel nacional e internacional. En Ciencia tamén temos Galicia Calidade, en parte quizais porque algunhas das características que nos definen son as do esforzo, o traballo e a curiosidade, básicas no método científico. Foi esta curiosidade e este interese polo noso contorno os que nos levaron dende tempos remotos por un camiño de continuo e innegable progreso científico e tecnolóxico. Este progreso converteunos na especie intelixente da Terra capaz de adaptar o medio ambiente ás súas necesidades e, deste xeito, convertémonos nos animais dominantes dun ecosistema humano que abarca todo o planeta. A Ciencia axudounos con este logro e agora tamén nos debe axudar a atopar solucións a algúns dos problemas importantes aos que nos enfrontamos,

como o cambio climático, a sobreexplotación de recursos, a desertización, etc. Para esta tarefa precisamos científicas e científicos comprometidos, cunha formación continua que, sen dúbida, provén en parte da lectura. Sen unha lectura previa é imposible facer ciencia, porque parte do traballo científico depende de traballos anteriores, para melloralos ou por que non, para desafialos.

Dende pequena apaixonábame a lectura, os libros para min son unha viaxe que che permite entrar nunha historia na que a túa imaxinación tamén xoga un papel. A ciencia tamén é unha aventura, que usa a curiosidade para comprender o mundo, a observación do fenómeno que se explica, a paciencia e a racionalidade para explicalo. Pero, ademais, non esquezamos que unha importante motivación para a investigación é tamén a emoción, o

pracer do descubrimento, o orgullo da conquista do coñecemento, a felicidade de aprender. Durante séculos, o coñecemento estivo restrinxido a espazos físicos específicos e a persoas escollidas. Hoxe en día, os nosos científicos non só se dedican á investigación e, a miúdo, á docencia, senón tamén á difusión do seu traballo, en revistas, libros e artigos nos que nos contan, dun xeito máis ou menos accesible segundo o público obxectivo, a súa viaxe científica. E temos a sorte de que esta viaxe se poida facer dende as bibliotecas, que non só acollen libros e outros materiais, senón que tamén acollen descubrimentos e camiños de aprendizaxe, cos éxitos e tamén os fracasos da ciencia e da tecnoloxía, porque cometer erros tamén é aprender.

Poderíamos pensar que as bibliotecas tenderían a desaparecer na era de Internet, pero nada máis lonxe da verdade, xa que se fortaleceron. A tecnoloxía abriu novas canles



©xurxolobato 72

Amparo Alonso Betanzos é enxeñeira química, investigadora en intelixencia artificial, presidenta da Asociación Española de Inteligencia Artificial (AEPIA) e Catedrática de Ciencias da Computación e Intelixencia Artificial da Universidade da Coruña.

de acceso á información, constituíndo un punto de contacto, acceso e interacción coas persoas, aberto a todos. As bibliotecas garántenos o acceso libre á información e ó coñecemento no formato que nos interesa. Por outra banda, a ciencia é o pilar do benestar social e económico, o coñecemento xera persoas e sociedades máis libres e críticas e as bibliotecas son, en parte, as gardas dese coñecemento. Que máis necesitamos para gozalas?

Biblioteca de Galicia

6 de novembro

ás 16:30 horas, na aula I.

Obradoiro de ilustración científica: A flora do Gaiás, coa Delegación do CSIC en Galicia

Afondarase no método de traballo do ilustrador científico e como o caderno de campo é unha das ferramentas básicas para recoller información sobre as especies que queremos ilustrar, neste caso a flora do Gaiás.

Para público a partir de 16 anos.

Inscripción previa.



13 de novembro

ás 17:00 horas, na aula I.

Obradoiro de foguetes, con Ciencia en movimiento

Tratarase de espertar a curiosidade e o interese polo deseño de foguetes. Unha vez realizados farase unha competición por equipos.

Para público a partir de 1º da ESO.

Inscripción previa.

20

de novembro

ás 17:00 horas, no Auditorio Neira Vilas



Sons do bosque, coa Delegación do CSIC en Galicia

Nesta actividade vanse presentar dun xeito teatralizado as árbores máis emblemáticas dos nosos bosques: carballos, castiñeiros, bidueiros. A escenificación inclúe a proxección de imaxes, que serán comentadas polas investigadoras e acompañadas de cantigas nas que participarán os músicos.

Para todos os públicos.

Inscripción previa.



27

de novembro

ás 17:00 horas, no Auditorio Neira Vilas

Un animal con moitos millóns de anos, obradoiro con Ciencia en Movimiento

Contarase a historia do Nautilus, única especie dos ammonites que perdura ata os nosos días, pois o resto extinguíronse cos dinosauros. Así que imos descubrir o porqué da súa permanencia e o porqué da súa forma, que é en espiral e que está ligada ao número de ouro.

Para público infantil de 8 a 12 anos.

Inscripción previa.



Biblioteca Pública de Santiago de Compostela

Ánxel Casal



3

de novembro

ás 18:30 horas, no salón de actos

Robótica Creativa, obradoiro con Stemarte

As nenas e nenos participantes desenvolverán a súa creatividade e construírán e programarán un robot co material de Lego education. Esta actividade busca fomentar a aprendizaxe mediante o xogo, mentres constrúen os seus modelos con pezas, motores e sensores.

Para nenas e nenos de 6 a 12 anos (12 prazas). Cada un deles pode vir acompañado dunha persoa adulta.

Inscrición na biblioteca desde 30 minutos antes do comezo da actividade.

11


de novembro ás 18:30 h., no salón de actos

Obradoiro infantil de astronomía, a cargo do Observatorio da Universidade de Santiago de Compostela

A Óptica Val regalará un planisferio celeste a cada asistente.

Para nenos e nenas de 7 a 12 anos (15 prazas).

Inscrición na biblioteca desde 30 minutos antes do comezo da actividade.





11 de novembro ás 20:00 horas,
no salón de actos e exterior
da biblioteca


(se as condicións meteorolóxicas non acompañan, trasladarase a outro día).

Observación do ceo nocturno con telescopio, co Observatorio da Universidade de Santiago de Compostela

A actividade comezará no salón de actos cunha breve explicación sobre o que as persoas participantes van poder avistar. A continuación, iniciárase no exterior da biblioteca a observación dos astros a través do telescopio, cunha duración aproximada dunha hora.

Para todos os públicos (30 prazas).

Inscripción na biblioteca desde as 18:00 horas.



13 de novembro
ás 12:00 horas, no salón de actos.

Cociñando ciencia, obradoiro con Ciencia Kids.

O mundo culinario ofrece unha excelente plataforma para achegar fenómenos complexos da física e a química ao público e permíttelles comprendelos a través de sistemas moi próximos. A alimentación, e todo o que a rodea, ofrece unha grande oportunidade para conectar a química coa vida cotiá.

Para público familiar.

Inscripción na biblioteca desde 30 minutos antes do comezo da actividade.

16 de novembro ás 18:30 horas,
no salón de actos.

***Coñecendo a historia da oceanógrafa Ánxeles Alvariño,
obradoiro con Fatiropina***

Daremos a coñecer as expedicións que realizou a científica galega Ánxeles Alvariño González e os seus descubrimentos de novas especies mariñas. Explicaremos a súa biografía e realizaremos varios experimentos científicos nos que se abordarán conceptos de microbioloxía e inmunoloxía desde un enfoque cómico e teatral. Para nenas e nenos de 6 a 12 anos (12 prazas). Cada un deles pode estar acompañado dunha persoa adulta. Inscripción na biblioteca desde 30 minutos antes do comezo da actividade.

17 de novembro ás 19:30 horas,
no salón de actos

***En busca da fonte da eterna xuventude, charla a cargo
de Manuel Collado, Investigador e xefe do Laboratorio de
Células Nai en Cancro e Envellecemento (IDIS-SERGAS)***

A busca da fonte da eterna xuventude é unha quimera que acompañou a humanidade desde os seus inicios. Hai décadas, a ciencia consideraba a investigación en envellecemento como unha estafa, un engano. Pero esta idea sufriu un cambio drástico cando se demostrou que existe unha base biolóxica do envellecemento que é susceptible de manipulación para alterar o proceso. Nesta conferencia revisaremos o noso coñecemento actual sobre as causas do envellecemento e adoptaremos un enfoque crítico das terapias que se propoñen.

Para público adulto.

Inscripción na biblioteca desde 30 minutos antes do comezo da actividade.

18

de novembro ás 18:30 horas,
no salón de actos.

Quen foi Isabel Zendal? obradoiro con Fatiropina

Daremos a coñecer o traballo de Isabel Zendal como coidadora e enfermeira dos 22 nenos expósitos que, a bordo da corbeta “María Pita” e no marco da Real Expedición Filantrópica da Vacina dirixida por Balmis, zarparon desde a Coruña para cruzar o Atlántico e levar a vacina *in vivo* da varíola. Realizaremos varios experimentos científicos nos que se abordarán conceptos de microbioloxía e inmunoloxía desde un enfoque cómico e teatral.

Para nenas e nenos de 6 a 12 anos (12 prazas). Cada un deles pode estar acompañado dunha persoa adulta.

Inscripción na biblioteca desde 30 minutos antes do comezo da actividade.

19

de novembro ás 18:30 horas,
no salón de actos.

A Ciencia de Harry Potter, con Ceo Aberto

Espectáculo-charla científica de inspiración literaria. A través de experimentos espectaculares iremos percorrendo o mundo creado por J. K.

Rowling e analizando, desde a óptica da ciencia, a viabilidade no mundo real ou non do universo literario de Harry Potter.

Para nenas e nenos a partir de 6 anos e público familiar.

Inscripción na biblioteca desde 30 minutos antes do comezo da actividade.



20

de novembro ás 12:00 horas, no salón de actos.

Un arco da vella interestelar, contacontos con Bea Iglesias

Cada ano ten lugar a convención de ciencia interestelar na que se amosan os últimos descubrimentos ou segredos da ciencia: astronáutica, xenética, evolución e adaptación, física cuántica... Nesta edición, dous alieníxenas cativos presentarán o seu descubrimento: combinando as cores da súa pel, logran cores diferentes. Por iso decidiron facer o arco da vella combinando as mans de diferentes especies alieníxenas, porque no fondo todas e todos somos diferentes pero iguais.

Para nenas e nenos de 3 a 8 anos.

Inscripción na biblioteca desde 30 minutos antes do comezo da actividade.

Todo o mes de novembro.

Mostras bibliográficas

Medicina na literatura

Selección de bibliografía que pode resultar de interese para o alumnado de Medicina, o profesional en exercicio ou para calquera lector ou lectora curiosa, relacionado ou non co ámbito sanitario, que pretenda aproximarse á comprensión dun dos aspectos máis relevantes da condición humana.

Lugar: segundo andar.

Para público adulto.

Medicina gráfica

Mostra bibliográfica de banda deseñada. Selección bibliográfica de obras que empregan o cómic ou novela gráfica, a ilustración e a infografía como ferramentas de comunicación sanitaria.

Lugar: zona de Fondo Local.

Para público adulto.

Biblioteca Pública da Coruña

Miguel González Garcés

5 de novembro, ás 19:00 horas,
no salón de actos

Cociñando ciencia, obradoiro con Ciencia Kids

O mundo culinario ofrece unha excelente plataforma para achegar fenómenos complexos da física e a química ao público e permítelles comprendelos a través de sistemas moi próximos. A alimentación, e todo o que a rodea, ofrece unha gran oportunidade para conectar a química coa vida cotiá.

Para todos os públicos, a partir dos 6 anos.

Inscripción por teléfono, na propia biblioteca ou a través da páxina web.


19 de novembro
ás 19:00 horas, no salón de
actos.

Isabel Zendal, con Fatiropina

Obradoiro centrado na biografía de Isabel Zendal no que, coa realización de varios experimentos científicos, abórdanse conceptos de microbioloxía e inmunoloxía cun enfoque cómico teatral.

Para todos os públicos, a partir dos 6 anos.

Inscripción por teléfono, na propia biblioteca ou a través da páxina web.



20 de novembro ás 12:00 horas,
no salón de actos.

Ánxeles Alvariño, con Fatiropina

Obradoiro centrado na biografía de Ánxeles Alvariño no que, coa realización de varios experimentos científicos, abórdanse conceptos de microbioloxía e inmunoloxía cun enfoque cómico teatral.

Para todos os públicos, a partir dos 6 anos.

Inscripción por teléfono, na propia biblioteca ou a través da páxina web.


Biblioteca Pública de Lugo

5 de novembro ás 17:00 e
18:00 horas,
no salón de actos.

**Coñecendo a historia da
oceanógrafa Ánxeles Albariño -
Quen foi Isabel Zandal?**

Obradoiro centrado na biografía de Isabel Zandal e Ánxeles Alvariño no que, coa realización de varios experimentos científicos, abórdanse conceptos de microbioloxía e inmunoloxía dende unha enfoque cómico –teatral.

Para público infantil entre 4 e 10 anos. Inscripción na biblioteca.



12

de novembro

ás 17:00 horas, nos arredores da biblioteca.

Herbario: os segredos da natureza

Obradoiro educativo e divertido no que os participantes teñen un contacto directo co mundo das plantas e árbores mediante un paseo etnobotánico polos arredores da biblioteca para recoñecer distintas especies vexetais da contorna, a orixe dos seus nomes, propiedades, uso,... resaltando a importancia dos espazos verdes dentro da cidade.

Para público infantil entre 6 e 12 anos.

Inscripción na biblioteca.



19

de novembro ás 17:00,


18:00 e 19:00 horas, no salón de actos.

Obradoiro Ciencia e tecnoloxía na volta ao mundo de Julio Verne, con Ciencia Kids

Julio Verne foi consciente da necesidade de que a ciencia e a tecnoloxía interviñesen de maneira activa na narrativa moderna. Con este obradoiro achegarémonos aos fantásticos países polos que pasaron e ás cousas que atoparon os protagonistas da súa volta ao mundo.

Para público infantil entre 6 e 12 anos.

Inscripción na biblioteca.



Biblioteca Pública de Ourense Nós

18

de novembro ás 18:00 horas, na sala infantil.

Ciencia e tecnoloxía na volta ao mundo de Julio Verne, con Ciencia Kids

Julio Verne foi consciente da necesidade de que a ciencia e a tecnoloxía interviñesen de maneira activa na narrativa moderna. Con este obradoiro achegarémonos aos fantásticos países polos que pasaron e ás cousas que atoparon os protagonistas da súa volta ao mundo.

Para público infantil entre 6 e 12 anos.

Inscripción previa por teléfono ou directamente na biblioteca, desde o venres anterior ás 9:00 horas.

Do 8 ao 30 de novembro.

Mostras e centros de interese sobre a ciencia

O cine e a ciencia

Cine, documentais e series achégannos a fitos científicos: descubrimentos, exploracións, novas tecnoloxías.

Lugar: primeiro andar.

ZPeque-ciencia

Centro de interese no que os pequenos poden achegarse de xeito lúdico á natureza e aos avances científicos.

Lugar: sala infantil.

Biblioteca Pública de Pontevedra Antonio Odriozola

5 de novembro ás 18:00 horas,
no espazo de actividades da planta baixa.


Robótica creativa, con Jóvenes Científicos

Obradoiro tecnolóxico dirixido a nenos e nenas, onde aprenderán de forma lúdica conceptos básicos de programación, robótica e electrónica. Empregarán robots de “LEGO Mindstorms”, esferas intelixentes “Sphero Mini”, drons e outros dispositivos electrónicos.

Para público infantil de 8 a 11 anos.

Inscripción previa a partir do 27 de outubro a través do formulario da páxina web da biblioteca.

19 de novembro ás 17:30 horas,
no espazo de actividades da planta baixa.



Simulación de galaxias siderais e eclipses lunares, con Anias

Obradoiro creativo no que as nenas e nenos participantes poñeranse na pel dos astrónomos na recreación de dous fenómenos como son a creación das galaxias e os eclipses solares, sendo este último visible desde a Terra.

Para público infantil de 8 a 11 anos.

Inscripción previa a partir do 10 de novembro a través do formulario da páxina web da biblioteca.

26

de novembro ás 18:00 horas,
no espazo de actividades da planta baixa.

Precine, con Raquel Queizás

Obradoiro creativo no que as nenas e nenos realizarán os seus primeiros debuxos animados construíndo xoguetses ópticos.

Para público infantil de 6 a 11 anos.

Inscripción previa a partir do 17 de novembro a través do formulario da páxina web da biblioteca.

Todo o mes de novembro.

Centros de interese sobre a ciencia

Camiño das estrelas

Selección de libros e audiovisuais sobre a vía láctea, dirixidos a público infantil.

Lugar: sala infantil

Ciencia en galego

Selección bibliográfica de libros en galego sobre ciencia.

Lugar: zona de exposicións da planta baixa.

Biblioteca Pública de Vigo

Juan Compañel

4

de novembro ás 18:00 horas,
na sala infantil.




Animaliños, con Ramiro Neira

“Animaliños” é unha peza de narración oral que levará ás nenas e nenos, axudados pola súa imaxinación, de viaxe ao bosque e á selva, onde coñecerán a gata Kisha, unha tartaruga moi intelixente, unha urraca moi larpeira, un coello e un loro que teñen unha granxa...

Para bebés (ata 3 anos)
acompañados dun adulto.

Inscripción previa por teléfono
ou na propia biblioteca.



6

de novembro ás 12:00 horas, na sala infantil.

Robótica creativa, con A Nube Animación

Obradoiro educativo de robótica no que os participantes desenvolverán a súa creatividade deseñando, programando e dando vida a diferentes robots co material de Lego Education.

Para público infantil a partir de 4 anos.

Inscripción previa por teléfono ou na propia biblioteca.

13 de novembro
ás 12:00 horas, na sala infantil

Isabel Zendal e Ánxeles Alvariño, con Fatiropina

Obradoiro centrado na biografía de Isabel Zendal e Ánxeles Alvariño no que, coa realización de varios experimentos científicos, abórdanse conceptos de microbioloxía e inmunoloxía desde un enfoque cómico-teatral.

Para público infantil a partir de 6 anos.

Inscripción previa por teléfono ou na propia biblioteca.

20 de novembro ás 12:00 horas,
na sala infantil.

Cociñando ciencia, con Ciencia Kids

Obradoiro co que se achegarán ao público fenómenos complexos a través dun sistema moi próximo como é o mundo culinario.

Para público infantil a partir de 4 anos.

Inscripción previa por teléfono ou na propia biblioteca.



26 de novembro
ás 18:30 horas, na sala infantil.

Isabel Zendal e Ánxeles Alvariño, con Fatiropina

Obradoiro centrado na biografía de Isabel Zendal e Ánxeles Alvariño no que, coa realización de varios experimentos científicos, abórdanse conceptos de microbioloxía e inmunoloxía desde un enfoque cómico-teatral.

Para público infantil a partir de 6 anos.

Inscripción previa por teléfono ou na propia biblioteca.

Todo o mes de novembro.

Exposicións e mostras bibliográficas

Coñecer para previr: a viroloxía na ciencia

Paneis informativos e mostra bibliográfica centrados na investigación científica sobre virus e vacinas, dando especial relevancia á investigación feita por mulleres neste eido; desde Isabel Zendal coa varíola no século XIX ata María Salgado co VIH na actualidade.

Lugar: zona de exposicións.

Que sabemos dos virus?

Mostra bibliográfica de libros infantís sobre virus e vacinas.

Lugar: sala infantil.

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

Nos centros educativos, os equipos de dinamización da lingua galega (EDLG) traballan co alumnado e co profesorado en diferentes propostas orientadas a amosar o valor da ciencia e a importancia da lingua galega para a súa creación e divulgación. A miúdo en colaboración coas bibliotecas escolares, súmanse así á celebración do Mes da Ciencia en Galego.

As súas iniciativas para que o alumnado investigue e descubra o coñecemento científico e o difunda dentro e fóra das aulas son do máis diverso, mais hai certos trazos que adoitan repetirse e que as fan máis atractivas para a xente nova: o achegamento á ciencia a través da gamificación, da música e da experimentación e a súa divulgación mediante as novas tecnoloxías da información e da comunicación.

Pódense salientar as seguintes:

Cancións:

Vida infinita do IES do Milladoiro, Ames

https://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/equipos-de-dinamizacion-da-lingua-galega/datas-sinaladas/listado/_/contido_1554/vida-infinita-cancion

Vídeos:

Mulleres pioneiras, do IES Taboada Chivite, Verín

https://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/equipos-de-dinamizacion-da-lingua-galega/datas-sinaladas/listado/_/contido_1524/isabel-zendal-marie-curie

Xogos:

Padlet e xogos do IES Antonio Fraguas, Santiago de Compostela

https://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/equipos-de-dinamizacion-da-lingua-galega/datas-sinaladas/listado/_/contido_1620/mulleres-cientificas

Brincalettras do CEP Campolongo, Pontevedra

<https://lecturasengalego.blogspot.com/2020/11/presentacion-de-o-artico-rompe.html>

Presentacións:

Ciencia en Galego do CEIP Montemogos, Bueu

https://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/equipos-de-dinamizacion-da-lingua-galega/datas-sinaladas/listado/_/contido_1624/ciencia-galego-desde-biblioteca

Titoriais:

Videotitoriais do IES A Cachada, Boiro

https://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/equipos-de-dinamizacion-da-lingua-galega/datas-sinaladas/listado/_/contido_1402/domotica-videotitoriais

Experimentos:

O ciclo da auga do CEIP Plurilingüe de Artes, Ribeira

https://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/equipos-de-dinamizacion-da-lingua-galega/datas-sinaladas/listado/_/contido_1409/ciclo-auga-ciclo-chuvia


Todos estes recursos, e moitos máis, están publicados no Portal da Lingua Galega, na sección destinada aos EDLG

https://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/equipos-de-dinamizacion-da-lingua-galega/datas-sinaladas/listado?tipo_recurso=Xestion/recurso/Dia_da_ciencia/



Mes da Ciencia nas Bibliotecas Escolares 2021

Dende a creación do Plan de mellora de bibliotecas escolares (2005) procúrase a integración das ciencias e das humanidades a través de diversas actividades e da actualización da colección das bibliotecas dos centros educativos galegos de nivel non universitario. Especificamente, dedicáronse varias campañas anuais a facer visibles as oportunidades que ofrece a biblioteca escolar para o traballo das disciplinas científicas dende varias perspectivas: *“Ler ciencia na biblioteca escolar”* (2013/14), *“Biblioteca escolar... matemático!!!”* (2014/15), *“Biblioteca escolar, base de exploracións”* (2015/16), *“Aprender a pensar coa biblioteca escolar”* (2017/18), *“Biblioteca escolar, viveiro de cidadanía”* (2019/20) ou *“Xeografías lectoras na Biblioteca escolar”* (2020/21). O lema elixido para o presente curso escolar, 2021/22, *“A biblioteca escolar ten a palabra”* quere poñer o foco na palabra e na oralidade, sen esquecer que os textos escritos e as





produccións audiovisuais que ofrece a biblioteca en obras de ficción ou de información axudan o alumnado a medrar donos da linguaxe, a ferramenta que lles abre camiños de pensamento, imaxinación, beleza e coñecemento; tamén do coñecemento científico.

Como resultado destas campañas aumenta considerablemente o número de actividades relacionadas coa ciencia nas bibliotecas escolares. Son moitos os científicos e científicas de diversas especialidades que, anualmente, son convidados a impartir charlas relacionadas con proxectos de investigación que se desenvolven nos propios centros baixo a coordinación da biblioteca escolar; así mesmo, aumentan as propostas de actividades que implican máis lectura de divulgación científica e maior número de traballos de investigación científica por parte do alumnado. En consecuencia, aumentan tamén os recursos de contido científico en distintos soportes e formatos que as bibliotecas albergan nas súas coleccións para intentar cubrir as necesidades destas disciplinas.

No marco dos Clubs de lectura impulsados dende a Asesoría de Bibliotecas Escolares cómpre salientar que case un terzo son temáticos, entre os que se atopan moitos de índole científica. Ademais, entre os 50 títulos máis lidos no curso 2020/21 aparecen varias lecturas de ficción con contidos científicos como *Os nenos da varíola* (María Solar) ou *A proba de auga* (Anémona de Río).

Web: ciencia en galego nas bibliotecas

Para apoiar a conmemoración do mes de novembro como Mes da Ciencia en Galego nas Bibliotecas, desde a Asesoría de Bibliotecas Escolares mantense un portal cunha selección de materiais relacionados coa ciencia en galego:

<http://www.edu.xunta.es/biblioteca/ciencia/index.php>



Seleccións de materiais sobre ciencia en galego

Desde a Asesoría de Bibliotecas Escolares selecciónanse materiais susceptibles de formar parte da colección das bibliotecas dos centros. Cómpre, neste sentido, destacar a coidada selección de maletas viaxeiras que son ofrecidas en préstamo temporal aos centros sobre as seguintes temáticas: Ciencias (para Educación Primaria e Educación Secundaria), Matemáticas (tamén para as dúas etapas educativas), Economía, Física e Química, Bioloxía e Xeoloxía e Libro informativo. Para o curso 2021/22 continúaase coa actualización dos contidos destas maletas engadindo publicacións máis recentes realizadas con perspectiva de xénero, para acoller libros que contemplan a figura das científicas nos diversos campos.

Pódese acceder ao contido das maletas no enderezo:

<https://www.edu.xunta.gal/biblioteca/maletas/>

Libros informativos en galego

Dende a Asesoría de Bibliotecas Escolares mantense unha selección de libros de divulgación científica publicados en galego e moi demandados desde as bibliotecas dos centros educativos para poder cubrir as necesidades informativas do alumnado e apoiar os seus traballos de investigación. No presente curso escolar 2021/22, está prevista unha dotación extraordinaria en Secundaria para a adquisición de libros informativos.

Pódese acceder a esta selección na seguinte ligazón:

<https://www.pinterest.es/bescolaresgal/ciencia-en-galego-nas-bibliotecas-libros-informati/>

Proxecto Biblioteca Creativa

Para o curso 2021/22, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, no contexto das actuacións do Plan LÍA de bibliotecas escolares, vén de resolver unha nova convocatoria do programa Biblioteca Creativa que apoia a introdución, dentro da biblioteca escolar, dun espazo de creación e experimentación que lle achegue ao alumnado de Educación Infantil e Educación Primaria os recursos e materiais axeitados para estimular e ampliar as linguaxes presentes na biblioteca, promover a expresión oral, a alfabetización múltiple, o razoamento lóxico, a aprendizaxe manipulativa, o xogo, a investigación e o traballo colaborativo de profesorado e alumnado. Este programa está a promover a aparición de novos espazos dentro da biblioteca, entre os que destaca a sección de ciencias, con materiais e fondos que facilitan a investigación e a experimentación do alumnado. Neste curso 2021/22 participan no programa “Biblioteca Creativa” arredor de 130 centros, integrados previamente no Plan de mellora de bibliotecas escolares.

Pódese acceder a máis información sobre este programa na ligazón:
<https://www.edu.xunta.gal/biblioteca/blog/?q=category/19/86>

Metodoloxías activas e traballos por proxectos

Co fin de estimular a realización de traballos mediante a metodoloxía de proxectos, impulsados ou coordinados dende as bibliotecas escolares, vense convocando dende o curso 2013/14 o Concurso de Traballos por Proxectos, destinado aos centros



públicos non universitarios, con distintas modalidades e temáticas. No curso 2019/20 o concurso tivo que ser anulado por mor da interrupción das actividades presenciais, mais na primavera de 2021 publicouse unha nova convocatoria do concurso para traballos realizados ao longo dos cursos 2019/20 e 2021/22.

Moitas das candidaturas que se recibiron nos últimos anos centran as súas investigacións en temas científicos ou combínanos cos humanísticos. Nesta última convocatoria incluíuse unha nova modalidade de participación: proxectos realizados con metodoloxía científica, co fin de estimular a curiosidade por distintos fenómenos das ciencias experimentais ou sociais e reforzar o desenvolvemento do pensamento científico do alumnado. Case o dez por cento das candidaturas participaron a través desta modalidade.

Nesta ligazón pode accederse aos traballos premiados na última convocatoria (2018/19):

<https://www.edu.xunta.gal/biblioteca/blog/?q=category/17/129>





C I E N C I A

MES DA CIENCIA!

Consulta todas as datas na
Axenda de Cultura de Galicia:
www.cultura.gal/axenda

